

■ I+C: PRODUCCIÓN DE CONTIDOS

Relatora: **Régine Debatty**

Blogger en we-make-money-not-art.com

■ I+C: PRODUCCIÓN DE CONTENIDOS

Ponente: **Régine Debatty**

Blogger en we-make-money-not-art.com



Sufrindo o risco de non ser orixinal teño que dar as grazas a Margarita e a Manolo por terme invitado, realmente é un pracer estar aquí. Vou presentar o meu blog de xeito breve, eu soía ser xornalista, por tanto vou explicar como difiren as miñas experiencias como blogger e como xornalista. O meu blog ten que ver co xeito de como os hackers, os artistas e os creadores empregan as novas tecnoloxías. O que fago é ir a moitas exposicións, sobre todo en Europa e ás veces Estados Unidos, e escribo sobre esas exposicións. Poño

un montón de fotos, feitas por moitos artistas e deseñadores, vou a congresos a informarme... e ás veces os meus escritos poden ser longos dabondo. Por iso, o meu blog non ten o aspecto do blog típico que seguro tedes visto moitas veces. Temos tres partes, o contido superior soe ser o máis recente. Acabo de cambiar o deseño, por certo, para poder incluír fotos meirandes e textos máis longos sen temor a que o espectador non canse de manexar o rato cara abaixo. Así funciona como unha revista, a imaxe superior é da que máis gusto, e é por tanto a que quero destacar. Tamén hai novas sobre escritos. Principalmente teño moita imaxe con poucas liñas que explican de qué vai e logo o espectador pode premer para ver mellor cada historia.

Vou explicar tamén o tipo de traballo do que estou falando. Eu non pretendía ser blogger como dixo Margarita. Recibín formación como profesora de latín e grego, non sei nada da tecnoloxía, sei un pouco de arte mais non realmente de arte contemporánea, por tanto ¿qué pasou? Foi unha casualidade, estaba en Italia traballando para a Comisión Europea. Tiña que responder dous correos electrónicos que me enviaban cada semana e, o resto do



tempo, tiña que sentar fronte ao ordenador e finxir que estaba ocupada. Iso foi en 2004, cando coñecín a unha persoa que facía performance con teléfonos móbiles. Resultoume interesante ver a unha persoa que facía arte cun instrumento que para min era de traballo. Como tiña tempo, quixen investigar se había outra xente que empregaba a tecnoloxía de xeito creativo, e como o facían, ver se era algo xeneralizado. Por iso estaba sentada fronte ao ordenador e buscaba cousas en Internet, cada vez atopaba máis e máis información, e tiña que a archivar. Incluso empregando o ordenador e Internet eu son bastante *low-tech*, así que imprimía todo canto atopaba e o almacenaba en cartafoles máis ou menos ordenados. Un dos meus amigos díxome que iso non era moi intelixente, que debería tratar de facer un blog, de xeito que podía facer categorías ao tempo que o facía público. Eu era xornalista en Noroega, e para min un blog, como eu non era unha blogger profesional, era unha cousa de adolescentes estadounidenses, pero ao final sí o fixen, e pareceume un traballo sinxelo, fresco.

Daquela eu facía xa pouco no traballo, pero comecei a facer menos porque estaba todo o tempo traballando no blog. Era algo que eu facía para min, como un arquivador persoal, non pensaba en que a xente o iría ver. Ata que me chamaron da Nokia e me dixerón se podíamos ir a explicar que facían os artistas coa tecnoloxía. Fíxenlles un taller en Helsinki, onde coñecín a deseñadores e sociólogos que querían saber o que estaba facendo a xente coa tecnoloxía. Os de Nokia non sabían como funcionaba o blog. Déronme moitos cartos, abandonei o meu posto e decidín vivir del poñendo publicidade no meu blog. Funcionou moi ben, e coido que por iso son a persoa máis afortunada da Terra.

Ao principio interesábanme os obxectos, os trebellos. Por exemplo, este é un exemplo tomado dunha deseñadora que reaccionaba contra o feito de que a xente está escoitando música todo o tempo, co iPod enriba posto, e ás veces a música está apagada pero seguen co auricular posto, falas con eles e non sabes se te están a escoitar, ou levan o móbil pegado á orella todo o tempo. Así que esta artista fixo este chapeu de coello, é dicir, cando a persoa non está escoitando música e a persoa está, logo, disposta para falar, as orellas están subidas, mais cando a persoa está metida no seu mundo musical, as orellas anican cara abaixo, un signo de que non hai que molestalo. Ao principio os trebellos me interesaban moito. Os blogs sobre trebellos son moi abondosos, máis se cadra que os artísticos. Este tipo de proxectos son divertidos, ás veces dicía "mira este artista, que cousa fixo tan ridícula" e entón puña un vínculo no meu blog.



A medida que pasou o tempo vin que a percepción que tiña a xente do meu blog cambiaba. Ao principio rían, todo lles parecía moi sarcástico, os lectores gostaban moito das miñas historias, moitos querían colaborar e mostraban respecto polo meu traballo. O blog fíxose cada vez meirande, meirande que a súa creadora. Agora é moi difícil de manexar. O ano pasado recibín o premio *Webby* ao mellor traballo de Internet. O luns souben que o *The Guardian* ten unha sección de novos medios, e eu fun nomidada como unha das mellores bloggers independentes.

Algunhas obras de arte están agora inspiradas no meu blog. O blog preséntase tamén en chinés, o nome é "facemos cartos, non arte" (we-make-money-not-art) pero en chinés traduciron "precisamos cartos, non arte". Encántame mirar o meu blog, gosto saber que teño amigos noutra parte do mundo capaces de pasar o meu blog ao chinés. Hai algo sorprendente no meu blog, e é que comecei isto como amateur, eu non sabía nada de tecnoloxía, e aprendín en catro anos, pero sigo sen ser experta. Pero cando hai un novo festival sobre os medios, normalmente son convidada como tal.

Isto é un magacín electrónico que se chama *Neural*, realizado por Alessandro Ludovico, un tipo moi listo que leva quince anos adicado a este traballo. El si é un experto, mais eu non, pero a xente me ve como tal. Isto ten unha parte boa. E penso que ter todas estas visitas ao meu blog é como unha especie de currículo vitae pendurado en tódalas cidades. Tamén escribo para revistas de papel. Isto foi complicado. Eu soía traballar como xornalista para televisión belga, antes de facer blogs, e de súpeto convertínme en blogger. Eu síntome moi contenta dicindo o que penso, sendo eu propia e falando como ser humano. Non pretendo ser crítica de arte, son só eu propia, non cubro todo o abano posible do arte, só falo do que me interesa. Unha revista díxome que por que non escribía para eles, e isto é un efecto da visibilidade, porque eu non son unha boa crítica de arte mediática.

O que me resulta interesante, sobre todo volvendo aos premios que gañei, paréceme interesante que o novo arte media está dentro dun guetto, está restrinxido, non ten o mesmo nivel que a arte contemporánea. Calquera revista ou plataforma que cubra a arte contemporánea fai pequenas referencias á arte mediática, vése como unha especie de tipos raros que xogan coa tecnoloxía, pero é realmente arte moi boa.

Pensei que sería un reto e unha honra ter unha columna de meu nunha revista de arte contemporánea. Síntome coma o cabalo de Troia, porque a arte mediática nunca se mostrou neste tipo de revistas, e de súpeto me deron unha páxina. Foi interesante voltar ao papel escrito. Cos blogs, se quero actualizar certo contido ou un lector apunta un erro, podo cambialo instantaneamente. Mais a palabra escrita é inmutable, non é coma o blog. Aí non podes mudar o erro.

O meu blog non recibe moitos comentarios, pero si recibo moitos correos, dalgúns lectores queren unha relación máis persoal comigo, mais cando se é crítico de arte o artigo queda aí, na revista. Isto fágoo unhas tres veces ao ano, quero dicir que tres veces ao ano me escribe alguén sobre un artigo nunha revista, e paréceme complicado porque non sei sequera se axudo aos artistas sobre quen escribo. Non sei sequera se é útil escribir nesta revista en papel. O blog é moi visible, o blog é leído por moitos artistas mediáticos.

Existe unha fenda entre a arte contemporánea a arte dos novos medios, e isto non é xusto. Hai moito arte feito con tecnoloxía que non é arte en absoluto, pero tamén o hai moi bo. Decidín que non quería seguir ubicando á arte mediática nun guetto. Por tanto comecei a falar de pezas de arte contemporánea, como algunha que vin na Bienal de Venecia. Cada vez que ampliaba o meu abano, había unha revolta nos meus lectores. Eu escribo sobre arte e artistas que empregan a tecnoloxía. Ao dicir tecnoloxía, falamos de ordenador e teléfono móbil, pero tamén existe a nanotecnoloxía e a biotecnoloxía, que pronto sairán dos laboratorios, só que non lles prestamos atención.

Este traballo chámase "A chaqueta de coiro sen vítimas", feita por un grupo de artistas australianos. Estes querían facer unha chaqueta sen matar animal ningún no proceso de produción, polo que colleron células de rato, de porco e de persoa, e nun biorreactor fixeron a chaqueta. É unha chaqueta pequenísima, para un rato pequeno, pero mostrárono á xente. Non querían dicir que ese fora o futuro, só comprobar a reacción da xente, á que lle pareceu noxenta, mostraban o seu desagrado. Non pensamos nos animais sacrificados para facer os zapatos de coiro que levamos postos, non é algo que nos interese. Por outra banda, os artistas querían resaltar o feito de que cando lemos sobre nanotecnoloxía é algo que nos queda moi lonxe, algo que fan homes con bata de laboratorio, científicos respetables, pero a realidade é máis suxa e complexa. Así,

mostrando algo tan tanxible como unha chaqueta a xente empeza a debatir e reflexionar, e así se dan conta deste novo campo.

Algúns lectores anoxáronse comigo, dixéronme que deixara de falar do bio-arte, do que non gustaban porque lles parecía noxento e non tiña nada que ver con eles. Así decatámosnos de que o blog de principio era para informar á xente sobre arte meditática, pero agora me parece que vai sobre min. Fíxose algo máis persoal. Ao principio eu tiña un background xornalístico, neutral, pero co paso do tempo adquirín un compromiso máis persoal co blog. E agora non é que non me importen os lectores, claro que me importan, pero basicamente falo do que me interesa a min. E non me estou centrando nos temas, se quixera atraer a máis xente non sabería que facer, probablemente escribir sobre o sexo. Fixen unha busca de imaxes en Google sobre pósters sexuais antigos e este foi o resultado. Fai un par de anos fixen unha colección de pósters sexuais antigos, e iso fai que sexa moi divertido xogar co teu público. Só tes que ver a estatísticas e ver que lle interesa máis á xente, que historias buscan máis.

Non sei se teño tempo de falar sobre a publicidade, sobre como fago cartos. Catro minutos son suficientes. Teño Google Earth, non sei se o coñeces. Cando cada lector calca sobre cada enlace, danme uns céntimos. Hoxe teño "leccións de pintura gratuítas, vida moderna en Marbella..." Ao mellor á xente non lle interesa nada disto. Teño un amigo que só está interesado nos móbiles, só escribe sobre eles. El ten os mesmo anuncios ca min, pero saca moitísimos máis cartos, eu non. Tamén teño patrocinadores, unha axencia estadounidense de neopublicidade, publicitamos congresos...

Vou finalizar con estas diapositivas. Comecei a ser comisaria de exposicións artísticas. Hai xente que me ve como experta e outra xente como comisaria, hai xente que me escribe e me di "tes unha aproximación moi persoal, escribes sobre do que gostas, é como se foras unha comisaria de exposicións". Un sitio web francés escribiúme dicindo que querían facer o mesmo blog ca min, pero dicindo que eran profesionais e por tanto querían sacar un montón de cartos, e conseguírono. Teño moitas máis cousas que dicir, pero coido que non teño tempo, polo que moitas grazas.